

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004551	IES Illa de Tambo	Marín	2024/2025

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Relixión evanxélica	4º ESO	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	11
6. Medidas de atención á diversidade	11
7.1. Concreción dos elementos transversais	12
7.2. Actividades complementarias	13
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	13
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	13
9. Outros apartados	13

## 1. Introducción

A través da Ensinanza Relixiosa Evanxélica, na Educación Secundaria Obrigatoria, preténdese ofrecer os alumnos e alumnas aqueles elementos que, baseados nos principios bíblicos, poidan axudarlles no seu desenvolvemento integral como persoas co propósito de adquirir unha madurez axeitada, autonomía e responsabilidade persoal.

Considerando a persoa como un ser integral no que subsisten diferentes dimensións (biolóxica, psicolóxica, social e espiritual), faise necesaria unha formación que teña en conta todas elas. Nunha sociedade cada vez máis plural como a nosa cabe esperar a coexistencia de diversos criterios de pensamento e acción, nun clima de liberdade e diálogo. É por isto que, considerando as características dos alumnos desta etapa, a Ensinanza Relixiosa Evanxélica pretende ofrecer unha formación integral facendo fincapé na dimensión espiritual.

No IES Illa de Tambo lévase impartido relixión Evanxélica dende o curso 1996/1997 e a experiencia acumulada e os bons rendimentos acadados dan expectativas favorables para este curso 2024/2025. Sen dúbida, os centros educativos deben ser un reflexo da pluralidade cultural na que se atopan. Este centro -e cada vez máis na nosa comunidade- dan un paso máis cara a interculturalidade, no momento no que non só se recoñecen diferentes culturas, senón que tamén se fomenta a interacción cultural a todos os niveis. O feito de que a Ensinanza Evanxélica sexa unha opción máis, deixa a un lado toda susceptibilidade no que se refire ó feito relixioso diferencial no que cohabitan os cidadáns galegos dende hai case 150 anos.

Neste curso 2023-2024, este departamento desenvolverá a súa actividade formativa co alumnado de 1º ESO, 2º ESO, 3º ESO e 4º da ESO. Nesta programación reflectimos o curso de 4º da ESO, seguindo o modelo LOMLOE.

Finalmente, como destacaremos máis polo miúdo no apartado de metodoloxía, queremos sinalar que dependendo dos coñecementos previos dos alumnos e alumnas en cada nivel, e baseándonos nos principios constructivistas verba da educación, partiremos dos seus coñecementos para construír os novos. Tamén aplicaremos na nosa intervención educativa principios do deseño universal de aprendizaxe (DUA) e incluiremos a gamificación como recurso metodolóxico e didáctico.

Se calquera programación ten un carácter aberto en canto ao seu posterior desenvolvemento no aula; as circunstancias concretas que rodean a programación desta materia neste ano en concreto fan que nos atopemos cunha programación máis aberta do que nos gustaría xa que a data de hoxe só temos os borradores do novo currículo da nosa materia adaptados á LOMLOE. Aínda que estes se aprobasen a tempo, a súa publicación será con toda seguridade posterior á data establecida para a entrega da programación. É por isto que o currículo base para a ESO será o que se dicta no anterior currículo Resolución de 23 de julio de 2015, de la Dirección General de Evaluación y Cooperación Territorial, por la que se publica el currículo de la materia Religión Evangélica en Educación Secundaria Obligatoria, seguindo tamén os citados borradores.

Adentámonos, pois, co desenvolvemento dos distintos apartados da programación LOMLOE comenzando polos obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir e apreciar a veracidade e relevancia das ensinanzas bíblicas, aplicando diversos métodos de estudo para extraer principios aplicables á vida diaria que revertan positivamente na súa relación con Deus, co próximo e consigo mesmo.	2-3	3		1	1-4		3	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Identificar a persoa de Xesús como a máxima expresión do amor de Deus á humanidade coñecendo as súas ensinanzas, obra e influencia nas persoas que se relacionaron con El, para xerar unha resposta de cada ser humano cara ao plan de salvación de Deus e mostrar interese por desenvolver actitudes similares ás de Xesús.	3-5	1	1	2	1	3		4
OBX3 - Valorar a nova relación persoal con Deus que experimentaron algúns personaxes bíblicos, descubrindo na historia bíblica as súas vidas transformadas, para manifestar condutas, actitudes e valores que reflectan unha verdadeira relación persoal con Deus.	5		5	3	2-5	4	3	3
OBX4 - Analizar os valores éticos cristiáns e os valores da sociedade actual; considerando as actitudes cristiás, nas relacións coa súa familia e os seus semellantes, para iniciar a formación dun sistema de valores propio que sustente a súa vida persoal e na sociedade.	1-5		5	1-4	2	2-3	3	3
OBX5 - Coñecer os principais feitos acaecidos na historia do pobo de Israel, analizando o plan de Deus e as súas implicacións nos personaxes bíblicos, para coñecer o desenvolvemento do plan de salvación en favor da humanidade.	3		3	1	3-4	1	1	1
OBX6 - Coñecer as principais características da Igrexa e os principais feitos históricos, descubrindo a historia da Igrexa, desde as súas orixes ata os nosos días, para manifestar actitudes de tolerancia e respecto ante a diversidade cultural.	2-4	2-3	1-2	3	3	2	1	1

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A Biblia e o seu estudo	A Biblia é fundamental para coñecer a nosa cultura europea. Nesta situación de aprendizaxe coñecerán a composición da Biblia e conceptos básicos da hermenéutica de textos bíblicos: veracidade, fiabilidade, racionalidade e evidencias históricas e arqueolóxicas.	17	6	X		
2	A historia da salvación: de Adán	O coñecemento do Antigo Testamento é	17	6	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	a Xesús Cristo	fundamental para comprender o Novo. Nesta situación de aprendizaxe farán un percorrido cronolóxico polo Antigo Testamento dende Xosé ata a división do reino de Israel adentrándose en determinados textos.	17	6	X		
3	Vida e ministerio de Xesús	Xesús é a persoa central da cultura de occidente. A súa vida agocha verdades fundamentais para a vida. Nesta situación de aprendizaxe analizarán aspectos centrais dos ministerio de Xesús e do chamado Plan de Salvación.	17	6		X	
4	Historia do cristianismo: dende as súas orixes ata a Reforma do século XVI	É fundamental coñecer a historia da Igrexa para non repetir os mesmos erros do pasado e aprender dos acertos. Nesta situación de aprendizaxe examinarán a historia da igrexa dende o século IV ata a Idade Media.	17	6		X	
5	Ser cristiá: un xeito de vida	No Novo Testamento temos as bases da cosmovisión cristiá que impregna a nosa cultura. Nesta situación de aprendizaxe o alumnado será exposto as bases fundamentais do cristianismo (Restauración, novo nacemento, discipulado).	16	6			X
6	Ética cristiá	A dimensión práctica e social das ensinanzas bíblicas son inseparables do coñecemento teórico. Nesta situación de aprendizaxe o alumnado reflexionará sobre a aplicación práctica de conceptos teóricos: responsabilidade persoal, relacións interpersoais e comunidade cristá.	16	5			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A Biblia e o seu estudo	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar como e por que iniciar o estudo sistemático da Biblia, recoñecendo distintos elementos que interveñen na interpretación das pasaxes (linguaxe, contexto etc.), sendo Xesús a clave na interpretación da mensaxe bíblica.	Extrae aplicacións de textos bíblicos por el mesmo.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Criterios de interpretación bíblica: A linguaxe do texto.</li> <li>- O marco histórico, xeográfico, cultural e filosófico.</li> <li>- Contexto e pasaxes paralelos e complementarios.</li> <li>- Xesús: clave interpretativa da mensaxe bíblica.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	A historia da salvación: de Adán a Xesús Cristo	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1. - Obter información sobre os principais feitos acaecidos ao pobo de Israel desde o regreso do exilio ata o nacemento de Xesús, elaborando a información cronolóxica recollida.	Discrimina quen son os personaxes clave neste período da historia do pobo de Israel.	PE	50
CA5.2. - Apreciar e valorar o exemplo das experiencias vividas e as actitudes mostradas polos personaxes da historia bíblica, comparándoas con experiencias e actitudes actuais.	Identifica 4 experiencias e actitudes nos pasaxes bíblicos e extrae aplicacións para a actualidade.	TI	50

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Cautividade en Babilonia, retorno e reconstrución do templo de Xerusalén.</li> <li>- Esdras, Nehemías e Ester.</li> <li>- Período intertestamentario e dominios doutros imperios.</li> <li>- A promesa do Mesías e o Novo Pacto. (Nova Alianza)</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Vida e ministerio de Xesús	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1. - Analizar nos Evanxeos a morte, resurrección e ascensión de Xesucristo, relacionando estes feitos con distintas profecías do Antigo Testamento que se cumpriron.	Identifica e clasifica os textos bíblicos sobor de todo no Antigo Testamento, que falan da obra de salvación de Xesús.	PE	100
CA2.2. - Investigar a base bíblica para a promesa da segunda vinda de Xesucristo, considerando como podemos prepararnos para ese momento e como explicalo a outras persoas.	Identifica e clasifica os textos bíblicos que falan sobre a Segunda Venida Xesús.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Morte, resurrección e ascensión, do Señor Xesucristo.</li> <li>- A resurrección de Xesús como feito histórico. Evidencias bíblicas e externas.</li> <li>- A promesa da súa segunda vinda.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Historia do cristianismo: dende as súas orixes ata a Reforma do século XVI	6

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.2. - Interpretar e explicar, de forma argumentada, a conexión de España cos movementos evanxélicos contemporáneos, identificando en textos escritos o que supuxeron para a misión da Igrexa.	Identifica e clasifica os diversos momentos da expansión do cristianismo evanxélico en España i, en concreto, na nosa terra.	PE	60
CA6.1. - Apreciar o modelo de personaxes históricos claves, desde a Idade Media ata a Reforma, valorando o seu exemplo de integridade e fe para os cristiáns contemporáneos.	Exemplifica a convivencia e tensións interrelixiosas na etapa da Reforma. Identifica aos reformadores máis importantes (Lutero, Calvino...)	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A Reforma protestante en Europa, causas e valores.</li> <li>- A Reforma en España. O Concilio de Trento e a Contrarreforma.</li> <li>- Historias misioneras populares que comparten a misión de ir por todo o mundo e predicar o evanxeo a toda criatura.</li> <li>- A chegada e extensión do evanxeo en España. As igrexas evanxélicas nos nosos días.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	Ser cristiá: un xeito de vida	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1. - Identificar actitudes e valores que reflicten o que significa ter unha relación persoal con Deus e a perseveranza nunha vida cristiá coherente, valorando a responsabilidade que isto implica por medio do exame de diferentes personaxes bíblicos.	Busca e analiza historias de persoaxes bíblicos que amosaron unha vida coherente coas súas crenzas	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Características dunha persoa que decidiu seguir a Xesús e ser o seu discípulo.</li> <li>- A responsabilidade persoal do cristián.</li> <li>- A base bíblica das relacións interpersoais.</li> <li>- A comunidade cristiá.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	Ética cristiá	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1. - Identificar nos ensinamentos dos profetas, de Xesús e nas vidas de personaxes históricos, mensaxes de acción social, promovendo a participación na sociedade, en proxectos colectivos con actitudes de solidariedade e compromiso.	Identifica e describe actitudes e comportamentos noutras persoas e entidades sociais.	PE	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desafíos contemporáneos á fe e á vida cristiá.</li> <li>- A perspectiva bíblica sobre: a convivencia na sociedade a convivencia interreligiosa, as actitudes nas relacións interpersoais, os valores no desempeño da acción social, exemplos da obra social cristián.</li> </ul>



#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

De acordo co concepto vixente de currículo, a definición de obxectivos, competencias clave, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeles debe completarse coa referencia ás orientacións de metodoloxía didáctica, entendendo por tal o proceso polo que os anteriores chegan a alcanzarse.

Os principios metodolóxicos que se seguirán na nosa área veranse próximos á concepción constructivista verbo da educación. Algúns dos principios que consideramos básicos son os seguintes:

- Partir do nivel do alumno, das súas posibilidades de razoamento e aprendizaxe que as súas capacidades lle dan.
- Asegura-la construción de aprendizaxes significativos. Intentar construír, educativamente falando, sobre a base que o alumno xa ten.
- Posibilitar o aprendizaxe dos alumnos e alumnas por si mesmos, que o alumno ou alumna sexa capaz de aprender a aprender.
- Partir do máis concreto para chegar ó máis lonxano.
- Interactuar dunha maneira libre e o máis amigable posible có mestre, de maneira que este sexa quen de dirixir á persoa ó aprendizaxe.

Para que todo isto se leve a bo termo; plantexaremos unha metodoloxía que requira en todo momento a participación activa do rapaz ou rapaza, tentando reducir as leccións maxistras nas diferentes Unidades Didácticas ó imprescindible utilizando a gamificación como recurso.

Tamén nos identificamos con teorías pedagóxicas emerxentes como é o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA) que pon de manifesto que non hay categorías estacas de alumnado onde uns precisan adaptacións e outros non. Utilizaremos unha metodoloxía que valga para calquera alumno facilitando medios para cumprir os obxectivos que valgan para todos, é dicir, que sexan universais. Deste xeito, o profesor convértese nun facilitador de experiencias ao alumnado nas que, ademais de suscitar os contidos e actitudes que se pretende ensinar, deseña situacións que poñen en contacto aos seus alumnos e alumnas con personaxes bíblicos e con situacións nas que poñen en práctica os principios do cristianismo evanxélico. Ten tamén unha función mediadora aportando no proceso de ensino e aprendizaxe os recursos e medios necesarios para a interpretación os feitos, ideas, principios, datos ou valores, e constitúese en guía, aportando unha visión bíblica dos mesmos e modelos de aplicación práctica en situacións cotiás.

En canto ao alumnado, preténdese que sexa activo. Proporemos múltiples situacións coa procura de participación. É prioritaria a súa capacitación no coñecemento e o manexo da Biblia pois ha de remitirse a esta ao longo de todo a súa aprendizaxe como fonte básica para a comprensión do modo en que Deus se achegou ao ser humano. Esta capacitación para a investigación bíblica se complementarase co uso de fontes extrabíblicas, en ocasións coincidentes con outras materias que tamén estuda (literarias, históricas, documentais) como garantía da complementariedade do Ensino de Relixión Evanxélica co resto do currículo e a súa achega á formación integral.

Ter en conta a aprendizaxe nesta idade implica tomar en consideración os seus propios intereses e as súas características evolutivas á hora de suscitar distintas situacións de aprendizaxe. É por iso que seremos facilitadores dunha cada vez maior autonomía do alumnado e unha progresión dende o coñecemento inmediato cara a maiores cotas de abstracción. Potenciaremos tamén -á medida que se avanza na etapa- situacións cunha cada vez maior dose de confrontación e exercicio crítico. Todo isto levarase a cabo nun clima de liberdade de elección e convivencia plural.

O Ensino de Relixión Evanxélica suscítase simultaneamente como un espazo de aprendizaxe da convivencia, tanto nos grupos de idade que se constitúen para impartila, como no conxunto do centro e do grupo clase onde se convive con outros compañeiros e outras opcións. Para iso o docente planifica tarefas dinámicas de aprendizaxe con flexibilidade para adaptarse aos diferentes situacións persoais e/ou grupais.

Incluiranse no proceso de ensino e aprendizaxe distintos materiais, impresos, dixitais ou doutro tipo, que se incorporan como medios para estimular o estudo da Biblia, moitos deles elaborados polo propio mestre.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
--------------

Diversos libros de lectura dos que se extraerán pasaxes.  
Biblia.  
Fichas de contidos diversos.  
Ordenador.  
Pizarra.  
Proxector.  
Material funxible: Tixeiras, cartón de cores, pegamento, lápices de cores, folios...  
Outros materiais.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante o primeiro mes de curso procederase a unha avaliación inicial xeral para a que se poderán utilizar algúns destes instrumentos:

- Informes individualizados do curso anterior.
- Cuestionarios escritos iniciais.
- Cuestionarios orais breves ao comezo de cada clase.
- Exame superficial do traballo no caderno individual.
- Mediante gamificación.

Recolleranse datos sobre os seguintes indicadores:

- Capacidade de comprensión utilizando contidos vellos.
- Capacidade de memorización comprensiva e interiorización de contidos novos.
- Capacidade xeral de comunicación.

Todos estes datos compararanse cos recollidos polo resto do profesorado na sesión de avaliación inicial e pola xefatura do departamento de orientación. Discriminaranse entón que elementos do proceso de ensino-aprendizaxe están mediatizados polas actitudes e cales responden a situacións determinadas a respecto das áreas lingüística e socio-cultural de cada alumno/a.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>17</b>	<b>16</b>	<b>16</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	100	50	100	60	100	100	<b>85</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	0	50	0	40	0	0	<b>15</b>

### Criterios de cualificación:

Reflectimos o peso porcentual de cada un dos elementos que conformarán a avaliación: Traballo das distintas tarefas realizadas no aula: 40%

Media probas escritas / táboa de indicadores: 60%

O alumno deberá obter unha nota numérica de 5 sobre 10 para ter aprobada a materia.

### Criterios de recuperación:

Recuperación durante o curso.

No caso de non superar unha avaliación, darase a posibilidade de recuperación da materia mediante a presentación dos traballos e/ou exames que se establezan.

Para traballar a autonomía do alumnado, este terá que preocuparse en poñerse en contacto co profesor para establecer os medios de recuperación durante o curso.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Un dos principais principios pedagóxicos da LOMLOE é o da atención á diversidade (Art.17.1). Tanto é así que os centros docentes elaboran propostas pedagóxicas para todo o alumnado atendendo á súa diversidade, e ponse especial énfase en garantir a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan pronto como se detecta calquera destas situacións.

Dende a nosa área, colaboraremos coa xefatura do departamento de orientación na detección das necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade.

As medidas de atención á diversidade (MAD) que establece a LOMLOE son:

- Adaptacións do currículo,
- A integración de materias en ámbitos,
- Os agrupamentos flexibles,
- Os desdobramentos de grupos,
- A exención da Segunda Lingua Estranxeira,
- A oferta de materias optativas,
- Os programas de reforzo.
- Medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

No caso da nosa área, poderemos adoptar de ser preciso as pertinentes adaptacións do currículo ou programas de reforzo para o alumnado que non sexa quen de adquirir os obxectivos mínimos.

En todo caso, para responder ás necesidades educativas concretas do alumnado tendo en conta as súas circunstancias e diferentes ritmos de aprendizaxe, seguiremos os principios do Deseño Univesal de Aprendizaxe (DUA) para todo o alumnado, pero en caso do alumnado con diversidade funcional que presente necesidades educativas especiais (ACNEE) ou o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE) que non adquiera os obxectivos, programaremos actividades especificamente dirixidas para eles para reforzar os contidos desenvolvidos na unidade ou tema traballado.

Dado que as características de esta materia determinan que os grupos que se conforman son moi reducidos, faremos un seguimento moi individualizado do alumnado respetando os ritmos de aprendizaxe de cada alumno ou alumna coa finalidade de que o alumnado por completo acade -canto menos- os obxectivos mínimos. No caso de non ser posible, coordinaremos coa xefatura do departamento de orientación as accións a levar a cabo.

Finalmente sinalamos que, de ter disponibilidad horaria, estaremos en disposición de ofrecernos ao centro para facer reforzo educativo e apoio tal e como establece o disposto no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia no artigo 8.2.g).

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - -Comunicación audiovisual		X				
ET.4 - Competencia dixital					X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial			X			
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico		X				
ET.7 - Educación emocional e en valores		X			X	X
ET.8 - Igualdade de xénero					X	X
ET.9 - - Creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Formación estética	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Educación para a saúde						X
ET.12 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable					X	
ET.13 - Respeto mútuo e cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
¿ Saída cultural. Saída cultural dun día de duración a Coruña e Santiago de Compostela	Visita guiada pola cidade da Coruña e logo visita á Catedral e zona vella de Santiago.			X

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Programación, Planificación de situacións de aprendizaxe e Avaliación

### Descrición:

Se a programación axústase ao marco normativo curricular estatal e autonómico e ao currículo de relixión publicado a data de hoxe tendo en conta tamén os borradores do novo currículo, se está adaptada ás características do centro e do grupo, se vencella este curso co perfil de saída, os descritores operativos e obxectivos de cada etapa, se se tivo en conta a diversidade do alumnado en canto a capacidades, distintos niveis cognitivos, ritmos e estilos de traballo, habilidades, estilos de aprendizaxe...

A planificación de situacións de aprendizaxe inclúe tódolos elementos formáis, planificouse a partires de criterios de avaliación que establece o currículo utilizando en cada secuencia aqueles saberes que permitían progresar na adquisición da correspondente competencia específica, se tivo en conta os descritores operativos das competencias clave e buscou o diálogo curricular con outras materias, se é axeitada aos criterios de avaliación, se tivo en conta a diversidade do alumnado en canto a capacidades, distintos niveis cognitivos, ritmos e estilos de traballo, habilidades, estilos de aprendizaxe...

Avaliación. Se reflexionei e avalei a miña laboura docente durante todo o desenvolvemento da situación de aprendizaxe realizando as oportunas regulacións iniciais de proceso e finais tanto nas tarefas coma nos contidos e na metodoloxía. Se utilicei varias ferramentas de avaliación ao longo da tarefa, se tiven en conta os criterios de cualificación acordados e se estes criterios van referidos non só a resultados de probas, senón ao logro de competencias.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Como o departamento de relixión evanxélica é unipersoal, non teño que coordinarme con outros profesores e fareino ao remate de cada Unidade Didáctica completando os datos que aparecen na aplicación.

Os datos recollidos no seguemento permitirán tomar decisións cara a programación do seguinte curso académico no que agardamos ter xa acceso á aplicación.

## 9. Outros apartados